



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia antiga universal

Materia	Historia antiga universal			
Código	004G741V01202			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Reboreda Morillo, Susana María			
Profesorado	Csepregi, Ildiko Reboreda Morillo, Susana María			
Correo-e	ildiko.csepregi@gmail.com rmorillo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. A materia de Historia Aniga Universal impártese no 2º curso do grao en Xeografía e Historia e está incluída no bloque de Historia Universal. Neste conxunto, cronoloxicamente, está a continuación da Prehistoria Universal, impartida no 1º curso e antes da Historia Medieval Universal, que se imparte neste mesmo curso. O seu cometido principal é achegar ao alumnado as principais características de dúas culturas no momento en que se asentaron como Estado: primeiros estados: Exipto e Grecia, así como establecer elementos comparativos entre as distintas formas nas que se manifestou o poder en relación co territorio, a sociedade e a relixión.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	
Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal	
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	
Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	

Contidos

Tema	
Tema 1. Aspectos introductorios	1.1 Definición e límites da Historia Antiga 1.2. Conceptos e problemática 1.3. Os territorios e os seus límites cronolóxicos
Tema 2. As distintas formas do Estado nos respectivos territorios. Evolucións e límites	2.1. Exipto: O poder unipersonal e a unificación do territorio. As principais razóns das crises 2.2. Grecia: Da Idade do Bronce á do Ferro. Da monarquía ao sistema das poleis ou cidades-estado independentes
Tema 3. Introducción a aspectos da relixión e da sociedade	3.1 Aspectos xenéricos sociedade de Exipto na Antigüidade. 3.2 Aspectos xenéricos sociedade de Grecia na Antigüidade. 3.3. Aspectos xenéricos da relixión de Exipto na Antigüidade. 3.4. Aspectos xenéricos da relixión de Grecia na Antigüidade.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	21	23	44
Eventos científicos	2	0	2
Obradoiro	12	25	37
Traballo tutelado	3	15	18
Seminario	3	3	6
Presentación	4	10	14
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	19	20
Autoavaliación	1	1	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Autoavaliación	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Realización dun cuestionario (subido á plataforma) para autoavaliar os coñecementos previos sobre a Historia Antiga. Debate na aula ou no campus remoto sobre os coñecementos previos sobre a Historia Antiga e aclaración dos aspectos básicos
Lección maxistral	O material docente empregado na aula será subido con antelación á plataforma de teledocencia, así como outros documentos con contidos teóricos que faciliten a comprensión do temario impartido. As exposicións serán gravadas e subidas á plataforma Moovi
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o departamento de Historia, Arte e Xeografía e/ou a Facultade de Historia. Na medida do posible é recomendada a súa asistencia; en caso contrario, serán gravadas e deberán visualizarse de xeito virtual.
Obradoiro	Análise individual do material práctico subido á plataforma, na súa maioría textos clásicos que fan referencia á teoría previamente impartida. Realizarase un debate sobre o texto, analizando e interpretando esa fonte primaria; neste caso, de xeito complementario, se deberá subir á plataforma un documento co título e o enunciado da/as idea/as principais e das secundarias. Se non é posible participar do debate (presencial ou virtual) a reflexión (comentarios de texto) farase por escrito, e subirase ao apartado de tarefas da plataforma Moodle. As dúbidas poden ser consultadas polas vías explícitas no apartado de atención personalizada. Máxima extensión dúas carillas A4.
Traballo tutelado	Deberase escoller un tema relacionado ou ben coa relixión ou ben coa sociedade na cultura Exipcia ou na Grega (dos propostos na lista ou a iniciativa propia). Salvo excepcións xustificadas, será un traballo en grupo (máx. 3 persoas). Realizarase a presentación na aula ou en remoto
Seminario	Aclaración de dúbidas sobre a materia, tanto daquelas relacionadas ca teoría, como cas diversas prácticas (seminarios, traballos tutelados).
Presentación	O traballo tutelado sobre relixión ou sociedade será seleccionado dunha lixteira ou ben a proposta do alumnado. Deberá ser realizado, salvo casos xustificados en grupo, máximo 3 persoas. O traballo será entregado na plataforma, na tarefa correspondente, en formato PDF ou en Power Point. O traballo expoñerase na aula ou no campus remoto en aproximadamente 15 minutos e o contido das presentacións será a sorteo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais das actividades relacionadas coa análise de textos clásicos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula ou seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Seminario	A aclaración de dúbidas sobre a materia, tanto dos aspectos teóricos como daqueles relacionadas co seminario, traballos tutorizados serán individuais ou en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula ou seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Traballo tutelado	Nos traballos tutelados (relixión ou sociedade) prestarase axuda personalizada tanto no momento da elección (listado subido á plataforma ou proposta do estudantado) como no seu desenvolvemento a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula ou seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Presentación	Previo a presentación, se comentará os aspectos a tratar. Cando se precise, buscarase asesoramento sobre a maneira máis adecuada de levar a cabo a presentación. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula ou seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Obradoiro	Análises e comentarios críticos das fontes que proporcionan o coñecemento da historia antiga: textos, iconografía e material arqueolóxico. Poderá completarse cun análise crítico dalgún documental visionado na aula e/ou subido á plataforma. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia. Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	20	
Traballo tutelado	Un traballo individual ou en grupo (máximo tres persoas), no que se analice un aspecto da relixión ou a sociedade, a elixir entre Exipto ou Grecia. O tema concreto poderá escollerse dun listado ou propoñelo directamente. Expoñerase na aula (física ou remota) e entregarse en formato electrónico (PDF ou Power Point) en Moovi. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	15	
Presentación	As presentacións e exposicións relaciónanse co traballo tutelado, relativo a un aspecto significativo da relixión ou sociedade e será exposto na aula (física ou remota). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia.	5	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Esta proba escrita está unida ao Obradoiro. Consistirá na resolución dun texto a modo de comentario, seguindo as pautas empregadas ao longo do curso no obradoiro das sesións prácticas. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal.	15	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Esta proba escrita está unida á da Sesión Maxistral. A través dela se valorará o coñecemento teórico adquirido na materia e exposto na aula. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal.	35	
Autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moovi. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da historia xeral ou universal	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é imprescindible acadar a cualificación de 5 entre a proba de resolución de problemas e o exame de preguntas de desenvolvemento. Ademais, os coñecementos de Exipto e de Grecia deben ser equilibrados, é dicir, non se poderá alcanzar esa puntuación se non se demostra un coñecemento básico de cada unha das culturas.

O alumnado que se acolla á modalidade semipresencial poder seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Molde, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Así mesmo as sesións maxistrais serán previamente gravadas. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os

requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmodeberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles. Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artículo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* de la Universidade de Vigo) e serán evaluados de los contenidos del plan de estudios mediante una prueba escrita, que supondrá el 70% de la nota final, y un trabajo obligatorio que representará el 30% de este e serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Beltran, F. y Marco F., **Atlas de Historia Antigua**, Pórtico, 1996
García Moreno, L. (dir.), **Historia del mundo clásico a través de sus textos. I. Grecia**, Alianza Editorial, 1999
Gómez Espelosín, J., **Historia de Grecia en la Antigüedad**, Akal, 2011
Hernández de la Fuente, D.; López Melero, R., **Civilización griega**, Alianza Editorial, 2014
Assmann, J., **Egipto a la luz de una teoría pluralista de la cultura**, Akal, 1995
Kemp, B.J., **El Antiguo Egipto: Anatomía de una civilización**, Crítica, 1996
Sanmartín Ascaso, J., **Historia antigua del próximo Oriente: Mesopotamia y Egipto.**, Akal, 1998

Bibliografía Complementaria

Bravo, G., **Historia del mundo antiguo: una introducción crítica**, Alianza, 2008
Domínguez Monedero A.; Pascua, J.I., **Atlas histórico del mundo griego antiguo**, Síntesis, 2006
Fernández Neto, J. (dir.), **Historia antigua de Grecia y Roma**, Tirant lo Blanch, 2005
Gómez Espelosín, J., **Historia de Grecia Antigua**, Akal, 2001
Iriarte Goñi, A., **Historiografía y mundo griego**, Universidad del País Vasco, 2011
Lara Peinado, F. (dir.), **Diccionario de instituciones de la antigüedad**, Cátedra, 2009
Vernat, J.-P. (dir.), **El hombre griego**, Alianza Editorial, 1993
Hornung, E., **Introducción a la Egiptología: estado, métodos, tareas**, Trotta, 2000
Baines, J., **Egipto: dioses, templos y faraones**, Folio, 1993
Brewer, D.J., **Historia de la Civilización egipcia**, Crítica, 2007
Hagen, R.-M., **Egipto: hombres, dioses y faraones**, Taschen, 1999
James, T.G.H., **El pueblo egipcio: la vida cotidiana en el imperio de los faraones.**, Crítica, 2004
Parra Ortiz, J.M. (coord.), **El Antiguo Egipto: sociedad, economía, política**, Marcial Pons, 2009
Schulz, R. Seidel, M., **Egipto. El mundo de los faraones.**, Könnemann, 2007
Urruela, J.J., **Egipto: política, economía y sociedad**, Universidad de Salamanca, 2006
David, R., **Religión y magia en el antiguo Egipto**, Crítica, 2004
VV.AA, **Mitología y Religión del Oriente Antiguo**, Sabadell, 1993
Wilkinson, R.H., **Todos los dioses del Antiguo Egipto**, Oberon, 2003
March, J., **Diccionario de mitología clásica**, Crítica, 2002
Buxton, R. G. A., **Todos los dioses de Grecia**, Oberon, 2004
Hernández de la Fuente, D., **Mitología clásica**, Alianza Editorial, 2015
Elvira Barba, M.A., **El río de Osiris: Cien textos imprescindibles de la literatura egipcia**, Reino de Cordel, 2021
Serrano Delgado, J.M., **Textos para la Historia Antigua de Egipto**, Cátedra, 2021

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregárase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma docente Moovi, polo que todo o alumnado debe estar dado de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil, incluída a fotografía